



BASES DO CONCURSO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS CURSO 2023-2024.

Co motivo da celebración do día das Letras Galegas, a ANPA do Colexio convoca un concurso de traballos.

Bases do concurso:

I.- Participantes.

- 1.- Participarán os/as alumnos/as do terceiro ciclo de Primaria (5º e 6º), ESO e Bacharelato.
- 2.- Establécense tres premios por cada ciclo.
- 3.-Deberán presentar un traballo orixinal, escrito a man, sobre calquera temática, e en lingua galega. Pode ser en prosa ou en verso e ter unha extensión máxima dun folio A4. Valorarase especialmente a calidade da expresión lingüística a riqueza léxica e a creatividade empregadas.
- 4.-Os datos do/a alumno/a (nome, apelidos, curso, ciclo e data), deben figuran no reverso do traballo, para procurar o anonimato.

II.-Composición do xurado.

- 1.- O profesorado será o encargado da preselección dos traballos que consideren máis salientables, e que, posteriormente, valorará a ANPA. Para estes efectos, a asociación poderá solicitar a colaboración dalgún membro do Departamento de Lingua Galega do Colexio.
- 2.-De consideralo oportuno, poderán quedar desertos un o máis premios, a criterio do xurado.

III.- Data de presentación dos traballos.

A data límite de presentación, perante a ANPA, dos traballos preseleccionados, remata o 27 de maio de 2024 ás 24 horas.

IV.-Premios:

Primaria: Vale de 40€, 30€ e 20€ euros, respectivamente, para o primeiro, segundo e terceiro premio do terceiro ciclo (5º e 6º).

ESO (Ensinio Secundario Obrigatorio): Vale de 50€, 35€, 20€, respectivamente, para o primeiro, segundo e terceiro premio por cada un dos tres ciclos.

Bacharelato: Vale de 65€, 50€ e 30€, respectivamente, para o primeiro, segundo e terceiro premio.

V.- Formato dos premios:

1.-Entregaranse vales, polos premios e importes descritos, a trocar por material escolar ou deportivo nas tendas que se incluírán no mesmo vale. Cada vale ten unha vixencia dun mes a partir da data da súa expedición.

Ourense, 19 de abril de 2024.

A Xunta Directiva da Asociacións de Nais e Pais do Colexio Salesiano María Auxiliadora